

## **ALTO DO COUTO- MIRADOR DE POLIN (Devesa da Rogueira, O Courel)**

(HUMOR E MOITA CHOIVA)

O sábado 10 de Novembro, ás 7 da mañá, partimos desde a estación de autobuses de Burela medio centenar de sendeiristas do grupo de Pasada das Cabras, para camiñar pola ruta do Alto do Couto a o Mirador de Polín, na Devesa da Rogueira, situada na serra de O Courel, na provincia de Lugo. O tempo prometía auga e así foi.

A primeira parada: Meira, onde tomamos un café.

Durante a viaxe, chegando á altura de O Cebreiro a estrada era estreita, e dende o autobús podiamos ver fermosas paisaxes, que amosaban as diversas cores características do outono. Tamén as ruínas do castelo de Corbedo, unha fortaleza medieval cuxos cimentos datan de época romana.

Ao chegar o Alto do Couto todo o grupo baixamos do autobús para iniciar a ruta. Foi nese momento cando comezou a chover, e xa non escapou durante o 9 Km. da mesma, pero como bos sendeiristas, camiñamos con bo animo sen faltar as paradas para as fotos, coas botas metidas nos regos de auga, manchadas de terra e tapadas polas follas caídas dos arbores. ¡Unha aventura de supervivencia!

Gozamos das vistas da serra do Courel e da Devesa da Rogueira que está considerada como "o último bosque galego", unha xoia ecolóxica cunha impresionante diversidade arbórea. Despois de andar uns 3 Km desvíamonos 200 metros para ver as Fontes do Cervo, situadas a 1400 metros de altitude, das que saen dous caños de auga, unha branca e cristalina e outra vermella e ferruginosa, das que se di teñen propiedades medicinais.

Continuamos os nosos pasos cara ao miradoiro de Polín, onde non puidemos gozar das vistas por culpa da néboa e os fortes refachos de vento, que secounos a molladura que levabamos enriba. A falta de boas vistas, mirámonos uns a outros, falamos, rimos e comemos os tentempés que levabamos nas mochilas e que case non podiamos coller, polas mans tan frías que tiñamos.

Contentámonos con volver ao punto de partida pateando pola auga e contra o vento. En Seoane do Courel esperábanos unha comida moi rica na Casa Anduriña, onde degustamos, entre outros pratos, xabaril con castañas.

Rematando na sobremesa con cancións e bo humor un día pasado por auga e sen contratempos, volvemos para Burela.

Teresa Díaz